

Nota biográfica

Edelmiro López Iglesias

Naceu en Bilbao en 1960. Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, con Premio Extraordinario de Licenciatura e de Doutoramento. Desde 1984 ven desenvolvendo a súa actividade profesional como profesor no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais de 1999 a 2005 ocupou o posto de Director do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA).

A súa investigación veuse centrando nos campos da economía e política agraria, o desenvolvemento rural e a economía galega, nos que ten dirixido catorce proxectos de investigación financiados por diversas entidades e participado como investigador noutros quince. Ten realizado estadias en diversas Universidades e centros de investigación estranxeiros, como o CIRAD e o INRA en Montpellier (Francia) e a Universidad de Guadalajara (México), e actuado como consultor de diferentes organismos internacionais. En 1995 recibiu o segundo accésit do “Premio Nacional de Publicaciones Agrarias, Pesqueras y Alimentarias”, convocado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Autor de varios libros e numerosos artigos en revistas especializadas e publicacións colectivas, entre as súas publicacións cabe destacar os libros: *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*, editado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación en 1996; e *Estructura económica de Galiza*, publicado pola Editorial Laiovento en 2000. Ademais, de 1995 a 2005 formou parte do equipo redactor dos *Informes sobre a economía galega*, que edita anualmente a Fundación Caixa Galicia; e foi un dos redactores do *Libro Blanco de la Agricultura y el Desarrollo Rural* elaborado en 2003 polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Membro desde 2001 até 2007 da Xunta Directiva da Asociación Española de Economía Agraria (AEEA), formou parte do Consello de Redacción da *Revista Española de Economía Agraria* e ten actuado como avaliador de diferentes revistas especializadas.

De agosto de 2005 a abril de 2009 ocupou o cargo de Director Xeral de Desenvolvemento Rural na Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galiza, asumindo tamén as responsabilidades de Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e Director do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), o organismo encargado da xestión en Galiza das axudas da Política Agraria Común (PAC).

Nota biográfica

Edelmiro López Iglesias

Naceu en Bilbao en 1960. Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, con Premio Extraordinario de Licenciatura e de Doutoramento. Desde 1984 ven desenvolvendo a súa actividade profesional como profesor no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais de 1999 a 2005 ocupou o posto de Director do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA).

A súa investigación veuse centrando nos campos da economía e política agraria, o desenvolvemento rural e a economía galega, nos que ten dirixido catorce proxectos de investigación financiados por diversas entidades e participado como investigador noutros quince. Ten realizado estadias en diversas Universidades e centros de investigación estranxeiros, e actuado como consultor de diferentes organismos internacionais no ámbito das políticas agrarias e de desenvolvemento rural.

Autor de varios libros e numerosos artigos en revistas especializadas e publicacións colectivas.

De agosto de 2005 a abril de 2009 ocupou o cargo de Director Xeral de Desenvolvemento Rural na Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galiza, asumindo tamén as responsabilidades de Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e Director do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), o organismo encargado da xestión en Galiza das axudas da Política Agraria Común (PAC).